**SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2019  
SANTIAGO DE COMPOSTELA****Nº MORTES INVESTIGADAS****335****MORTE VIOLENTA****198**

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	63
	ACCIDENTAL	134
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	4
	Asfixias mecánicas	68
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	2
	Intoxicacións	13
	Traumatismos	107
	No especificada	0

**MORTE NATURAL****137**

IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	1
	ADULTO	135
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	8
	Patoloxía dixestiva	11
	Patoloxía respiratoria	16
	Patoloxía cardiovascular	90
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	2
	Outras patoloxías	3
	Indeterminadas	0
	Pendientes de resultados	6

## SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2019

### VIGO

**Nº MORTES INVESTIGADAS 357**

#### MORTE VIOLENTA

**164**

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	4
	SUICIDA	55
	ACCIDENTAL	105
CAUSA DA MORTE	Arma branca	2
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	3
	Asfixias mecánicas	54
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	6
	Intoxicacións	10
	Traumatismos	89

#### MORTE NATURAL


**193**

IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	2
	ADULTO	190
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	17
	Patoloxía dixestiva	9
	Patoloxía respiratoria	16
	Patoloxía cardiovascular	143
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	0
	Indeterminadas	6
	Pendientes de resultados	0

## ESTUDO DA PERICIA EN PATOLOXÍA FORENSE

A actividade en patoloxía forense deste último ano e a maior dende o 2012. Incrementouse a actividade de xeito global, tanto da morte violenta, como da morte natural.

### MORTE VIOLENTA/MORTE NATURAL 2012-2019



Na morte natural a patoloxía máis salientable é a cardiovascular, que supón un 74,8% de todas as causas de morte natural do noso Servizo de Patoloxía. Isto é lóxico se se pensa que a morte por estas patoloxías preséntase en moitas ocasións en persoas sen sintomatoloxía ou diagnósticos previos, e a morte xeralmente transcorre de forma rápida, súbita e inesperada, sen tempo a asistencia médica, polo que de xeito habitual estas mortes derívanse a investigación xudicial, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade.

## ESTUDO DAS MORTES VIOLENTAS

No pasado 2019 tivemos 934 casos de mortes violentas, entre etioloxía homicida, suicida e accidental. As cifras son as que se reflicten no seguinte recadro.

Etioloxía Médico Legal	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Homicida	3	0	4	1	4	1	4	17
Suicida	64	16	58	34	28	63	55	318
Accidental	137	41	60	71	51	134	105	599
Total morte violenta								934

O grupo mais importante de mortes violentas foron as accidentais. Nesta etioloxía inclúense as morte por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuítos. Seguen en importancia os suicidios, con cifras superiores as do ano anterior. Tamén incrementáronse de xeito notable as vítimas de homicidio.

## CAUSA DE FALECEMENTO NAS MORTES VIOLENTAS

No conxunto das mortes violentas a causa máis frecuente de falecemento foron os traumatismos, ben focalizados na cabeza, ben cadros de politraumatismo, ligados a violencias complexas como os accidentes de tráfico, laborais ou precipitación accidentais ou suicidas. Seguen en importancia as asfixias mecánicas. Dentro de este grupo as mais frecuentes son os aforcamentos suicidas e os afogamentos, xeralmente de carácter accidental.


Na seguinte táboa preséntase as causas de morte violenta, agrupadas por Subdireccións

Causa da morte	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Arma branca	2	0	2	0	1	1	2	8
Arma de fogo	5	0	1	4	5	2	0	17
Electrocución	1	0	0	0	0	1	0	2
Queimaduras	6	0	1	1	0	4	3	15
Asfixias mecánicas	59	25	53	23	30	68	54	312
Reacción adversa a drogas	22	5	5	7	7	2	6	54
Intoxicacións	12	4	7	4	6	13	10	56
Traumatismos	97	23	53	67	34	107	89	470

## MORTE HOMICIDA ANOS 2012-2019

Os datos que preséntanse a continuación son por provincias, non por Subdireccións. A provincia de A Coruña inclúe as Subdireccións de A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela. Lugo e Ourense son Subdireccións de ámbito provincial. A provincia de Pontevedra engloba as Subdireccións de Pontevedra e Vigo.

### Homicidios 2012-2019



O número de homicidios na nosa Comunidade incrementouse notablemente con respecto do ano anterior, xa que logo pasamos dos 9 homicidios do 2018 ós 17 homicidios do 2019. Este incremento das cifras globais é por causa das provincias de Lugo e Pontevedra que experimentaron subidas moi importantes.

En Lugo pasouse de 1 vítima a catro, e en Pontevedra de 1 a 8, catro na Subdirección de Pontevedra, que pasou de non ter ningún falecemento homicida no ano 2018 a catro en 2019; e catro na Subdirección de Vigo, onde tamén se pasou de 1 única vítima a catro.

En Galicia rexistráronse no 2019 tres vítimas mortais de violencia de xénero. Nun destes crimes o autor tamén acabou coa vida da nai e da irmá da súa ex parella


## MORTE SUICIDA

O pasado ano 2019, os suicidios volveron ascender por encima dos 300 casos. Concretamente contabilizáronse 318 casos o que supón un incremento 10.4% con respecto o ano anterior. Malia todo é a segunda mellor cifra dende o ano 2012.

O perfil do suicida e do suicidios segue sendo o mesmo. De xeito global pódese dicir que a vítima principal do suicidio son os homes de mediana idade, o mecanismo utilizado ó aforcamento, e o lugar elixido para esta conducta o domicilio ou a súa contorna.


### Suicidios anos 2012-2019

Despois de dous anos en descenso, o suicidio volve crecer el Galicia. Malia todo, é o segundo mellor ano da serie histórica



## Suicidio-distribución provincial

No seguinte gráfico amósase a distribución provincial dos suicidios nestes últimos 8 anos.




Coma podemos ver, en termos absolutos a provincia de A Coruña segue a ser a que mais suicidios rexistra, seguida de Pontevedra, Lugo e Ourense. Pero en termos relativos, Lugo segue a ter a incidencia dos suicidios mais alta e Pontevedra a mais baixa.

Con respecto o ano anterior, o número de suicidios aumentou en case todas as provincias, de xeito máis relevante na provincia de Lugo. A provincia de Ourense foia a excepción cunha diminución nas súas cifras do 15%.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ano 2018	129	47	40	72
Ano 2019	143	58	34	83
	10.85%	23.4%	-15%	15.2%

Os casos por 100.000 habitantes, excluídos os menores de 5 anos, das distintas provincias galegas no pasado ano 2019, foi a seguinte:




## Suicidio-distribución por sexo

O suicidio segue a ter nos homes a principal vítima. Se no ano pasado estes supoñían o 69,09% do total, no ano 2019 este porcentaxe incrementouse ata o 71,38% do total

No ano 2019 o suicidio incrementouse tanto nos homes como nas mulleres, pero dun xeito moito mais notable entre os primeiros, onde o incremento foi do 14,07% no número de vítimas, mentres que o incremento do suicidio entre as mulleres foi do 2,24%

	Homes	Mulleres	Total
<b>Ano 2018</b>	199	89	288
<b>Ano 2019</b>	<b>227</b>	<b>91</b>	<b>318</b>

Os casos por 100.000 distinguindo homes de mulleres excluídos os menores de 5 anos, son os seguintes:




## Distribución do suicidio por idade

Po lo que respecta a idade dos falecidos, non hai diferencias moi salientables entre homes e mulleres. De xeito xeral pódese afirmar que o suicidio non é cosa de novos, se non de adultos na metade da vida, aínda que atopamos casos de suicidio en todas as franxas de idade por riba dos 15 anos.

No caso dos homes a idade mínima foron os 18 anos e a máxima 97, con unha idade media de 58,74 anos. Entre as mulleres a idade mínima foi de 19 anos e a máxima de 95, cunha idade media de 56,85 anos.

A distribución por grupos de idade foi a seguinte

EDAD	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
5-14	0	0	0
15-19	4	1	5
20-24	3	1	4
25-29	5	3	8
30-34	11	3	14
35-39	15	4	19
40-44	16	9	25
45-49	20	11	31
50-54	18	11	29
55-59	28	11	39
60-64	14	5	19
65-69	20	7	27
70-74	18	6	24
75-79	18	3	21
80-84	16	7	23
85-89	11	3	14
90-94	6	5	11
>95	3	1	4
No consta	1	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>227</b>	<b>91</b>	<b>318</b>



Nas seguintes táboas preséntase os datos de idade por Subdirección






## Homes

	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo		
	IDADE								
5-14 años		0	0	0	0	0	0	0	0
15-19		1	0	0	0	1	1	1	4
20-24		0	0	1	0	0	1	1	3
25-29		0	0	1	2	0	0	2	5
30-34		1	0	1	1	2	2	4	11
35-39		4	2	0	1	0	3	5	15
40-44		4	0	4	3	1	1	3	16
45-49		4	1	1	3	3	4	4	20
50-54		3	2	3	2	4	2	2	18
55-59		9	0	6	2	2	4	5	28
60-64		2	0	4	1	0	4	3	14
65-69		0	1	6	1	3	7	2	20
70-74		3	2	1	5	0	2	5	18
75-79		4	1	5	2	2	3	1	18
80-84		5	1	2	2	2	3	1	16
85-89		4	2	3	0	0	1	1	11
90-94		2	0	2	1	0	1	0	6
>95		0	0	1	1	0	1	0	3
No consta		0	0	0	0	0	1	0	1

## Mulleres

	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo		
	EDAD								
5-14 años		0	0	0	0	0	0	0	0
15-19		0	0	0	0	0	1	0	1
20-24		0	0	1	0	0	0	0	1
25-29		0	0	0	0	0	3	0	3
30-34		1	0	1	0	1	0	0	3
35-39		1	1	0	0	0	2	0	4
40-44		3	1	2	0	0	0	3	9
45-49		3	0	3	0	1	1	3	11
50-54		2	1	2	1	0	3	2	11
55-59		2	0	0	1	2	2	4	11
60-64		0	0	2	0	1	2	0	5
65-69		2	0	1	1	0	1	2	7
70-74		1	0	0	1	1	3	0	6
75-79		0	0	0	1	0	2	0	3
80-84		1	1	1	2	1	1	0	7
85-89		1	0	1	0	0	0	1	3
90-94		0	0	3	0	1	1	0	5
>95		1	0	0	0	0	0	0	1
No consta		0	0	0	0	0	0	0	0



### Suicidio- Mecanismo suicida

De xeito global o aforcamento é o mecanismo suicida máis frecuente. Recorreron a este método máis da metade das vítimas de suicidio.


Pero a elección do mecanismo suicida cambia moito, segundo se trate de homes ou mulleres. Nos homes, o aforcamento supón o mecanismo suicida de elección no 61,23% dos casos, mentres que as mulleres só fixeron nun 37,36%, optando por outros métodos suicidas no resto dos casos, principalmente a precipitación e o envelenamento.

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>Aforcadura</b>	173	139	34
<b>Envelenamento</b>	42	20	22
<b>Precipitación</b>	51	30	21
<b>Submersión</b>	22	12	10
<b>Arma de fogo</b>	13	12	1
<b>Arma branca</b>	8	8	0
<b>Arroiamiento tren</b>	5	4	1
<b>Outros</b>	4	2	2

Para o envelenamento se recorre principalmente ós medicamentos, especialmente os analxésicos e psicofármacos, pero tamén se rexistraron casos de uso de drogas de abuso, herbicidas, intoxicación por monóxido de carbono e gas nitróxeno.

Non hai casos de suicidio por arma branca entre as mulleres, e só unha de elas recorreu a un arma de fogo para á conduta autolítica.


En canto a distribución por meses, só en xaneiro e febreiro o número de suicidios descendeu por debaixo dos 20 casos. Nos meses de maio, xuño, xullo e agosto, superáronse os 30 casos ao mes



### MORTE ACCIDENTAL ANOS 2012-2019

As mortes accidentais non se presentan nunha distribución provincial, por canto a morte e a practica de a autopsia pódese producir nunha provincia distinta o sinistro, naqueles casos de morte diferida e tratamento hospitalario, tendo en conta os servizos médicos de referencia para algunhas patoloxías (unidades de queimados, de lesionados medulares, neurocirurxía, etc)

No ano 2019 a morte accidental descendeu con respecto o ano anterior, en parte debido o descenso do número de vítimas en accidentes de tráfico.



Aínda que hai una gran variabilidade nos accidentes mortais, os mais habituais con son as caídas fortuítas e os accidentes de tráfico. Nesta memoria preséntase un estudio detallado sobre os accidentes relacionados coa circulación de vehículos a motor investigados no Imelga no pasado 2019.

## ESTUDO DAS MORTES NA CIRCULACIÓN E USO DE VEHÍCULO A MOTOR

### Interpretación dos datos


Como en anos anteriores facemos un análise mais pormenorizado dos falecementos accidentais no uso de vehículos a motor. Noso rexistro inclúe as vítimas falecidas en calquera tipo de vía e contabiliza todas aquelas cuxo falecemento garde relación directa coas lesión sufridas ou súas complicacións, independentemente do tempo que transcorra entre o feito accidental e o falecemento. Deste xeito, as nosas cifras poden non coincidir coas que aportan outros organismos e institucións

A distribución xeográfica dos accidentes mortais tampouco teñen por que coincidir con outros estudos de sinistralidade, xa que logo, nos accidentes con supervivencia inmediata, a morte do suxeito pódese producir nun territorio distinto ó que sucedeu o sinistro.

### Mortes en accidentes de circulación de vehículos a motor

Este pasado 2019, o número de vítimas en accidentes de circulación descendeu nun 5% en relación o ano pasado, pasando de 138 a 131 vítimas mortais.

A evolución nos últimos sete anos, amósase graficamente no seguinte cadro:



No estudo dos falecidos por accidente de tráfico en Galicia, analizamos a distribución por idade, sexo, circunstancias do usuario e presentación o longo do ano. Tamén estudamos a influencia do alcohol e outras drogas no orixe dos accidentes de tráfico, de xeito que se realiza analítica toxicolóxica a todos os condutores ou peóns falecidos.

## DISTRIBUCIÓN POR SEXOS

### MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR SEXO

DISTRIBUCIÓN POR SEXO	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Homes	12	2	18	11	10	20	15	<b>88</b>
Mulleres	8	3	5	4	6	10	7	<b>43</b>
	20	5	23	15	16	30	22	<b>131</b>

A morte en accidente de tráfico segue tendo nos homes ás vítimas mais numerosas se ben no pasado ano houbo un incremento no porcentaxe de mulleres vítimas de accidente de tráfico que por primeira vez desde o ano 2015 é maior do 30% e sitúase no 32,8%

	2015	2016	2017	2018	2019
<b>Mulleres</b>	30 22,9%	32 22,37%	34 29,56%	29 21,01%	43 32,8%
<b>Homes</b>	101 77,09%	111 76,92%	81 70,43%	109 78,98%	88 67,17%
<b>Total</b>	131	143	115	138	131

As mulleres falecidas o foron sobre todo como consecuencia de atropelos (17) e como ocupantes (14). As conductoras falecidas foron 11, o que 25,5% do total. No consta a condición da falecida en 1 caso

Pola contra, o 60,2% dos homes falecidos en accidentes de tráfico eran condutores.

Houbo 20 falecidos en accidentes de moto. Destes, 17 eran condutores, 16 homes e unha muller; e 3 ocupantes, dúas mulleres e un home.

No seguinte recadro preséntase o tipo de usuario da vía por sexos

USUARIO DA VÍA	Peóns	Ocupantes	Condutores	Ciclistas	N/c
Homes	24	7	53	1	3
Mulleres	17	14	11	0	1

## **DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DE IDADE**

DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DE IDADE	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
<b>MENORES DE 15 AÑOS</b>								<b>0</b>
0-4	0	0	0	0	0	0	0	0
5-9	0	0	0	0	0	0	0	0
10-14	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>MENORES DE 30 AÑOS</b>								<b>20</b>
15-19	1	0	0	0	1	1	4	7
20-24	0	0	1	0	0	2	3	6
25-29	3	0	0	0	0	3	0	7
<b>MENORES DE 45 AÑOS</b>								<b>24</b>
30-34	1	0	0	2	0	1	1	6
35-39	1	0	3	2	2	1	2	11
40-44	1	1	0	0	2	2	1	7
<b>MENORES DE 60 AÑOS</b>								<b>23</b>
45-49	1	0	3	1	1	2	3	11
50-54	1	0	3	1	2	1	1	9
55-59	0	0	2	0	0	1	0	3
<b>MENORES DE 75 AÑOS</b>								<b>28</b>
60-64	1	0	3	0	2	3	1	11
65-69	2	0	2	3	1	2	0	10
70-74	1	0	2	1	1	1	1	7
<b>MENORES DE 85 AÑOS</b>								<b>26</b>
75-79	3	1	2	2	1	0	0	9
80-84	1	1	1	2	2	5	4	17
<b>MÁS DE 85 AÑOS</b>								<b>10</b>
85-89	2	2	1	1	1	0	1	9
+90	0	0	0	0	1	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>5</b>	<b>23</b>	<b>15</b>	<b>17</b>	<b>25</b>	<b>22</b>	<b>131</b>

O número de falecidos por grupos de idade dos últimos 7 anos.

Idade	< 15 años	< 30 años	< 45 años	< 60 años	< 75 años	< 85 años	> 85 años	No consta	Total
<b>2013</b>	1	22	29	15	36	16	8	0	127
<b>2014</b>	0	16	33	35	26	23	10	0	143
<b>2015</b>	3	25	24	22	27	20	8	2	131
<b>2016</b>	1	29	25	31	25	23	9	0	143
<b>2017</b>	1	17	25	24	22	18	8	0	115
<b>2018</b>	1	13	35	26	33	16	14	0	138
<b>2019</b>	0	20	24	23	28	26	10	0	131

No ano 2019 a mortalidade aumentou no grupo de entre 15 e 30 anos e de xeito moi importante entre os 75 e os 84 anos. Non se tivo que lamentar ningún falecido menor de 15 anos

## DISTRIBUCIÓN POR MESES

### MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR MESES

<b>DISTRIBUCIÓN POR MESES</b>	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Xaneiro	2	1	1	1	3	1	1	10
Febreiro	2	1	4	1	3	3	1	15
Marzo	1	1	0	4	2	0	2	10
<b>INVERNO 35</b>								
Abril	1	0	1	0	2	4	2	10
Maio	4	0	2	1	0	3	4	14
Xuño	3	0	3	0	0	1	1	8
<b>PRIMAVERA 32</b>								
Xullo	2	1	2	0	0	4	2	11
Agosto	2	0	3	2	0	3	4	14
Setembro	0	0	3	2	3	5	2	15
<b>VERANO 40</b>								
Outubro	1	0	3	1	1	0	1	7
Novembro	1	0	0	2	1	5	1	10
Decembro	1	1	1	1	1	1	1	7
<b>OUTONO 24</b>								
<b>TOTAL</b>								<b>131</b>

No pasado 2019, os meses de outono foron os que menos falecidos rexistraron, pola contra os tres meses de verán son os que mais mortes acumularon. O seguinte cadro amosa a presentación dos accidentes de tráfico por estacións, dos últimos cinco anos.

	INVERNO	PRIMAVERA	VERANO	OUTONO	TOTAL
2013	32	33	31	31	127
2014	31	23	42	47	148
2015	26	26	38	41	131
2016	35	29	36	43	143
2017	27	38	21	30	115
2018	28	33	45	32	138
2019	35	32	40	24	131

## TIPO DE USUARIO DA VIA E VEHÍCULO IMPLICADO

Circunstancia do falecido- TIPO DE USUARIO E VEHÍCULO									
Conductor vehículo a motor					Ocupante	Ciclista	Peón	N/C	TOTAL
Turismo ou furgoneta	Camión	Moto	Tractor	outro					
42	2	17	3	0	21	1	41	4	131
<b>64</b>									

Os condutores seguen a ser as principais vítimas mortais dos accidentes, pero no ano pasado o porcentaxe baixou dun 60,8% ao 48,8%. Po la contra a porcentaxe de peóns falecidos subiu do 26,8% ó 31,2%

Neste ano, o igual que o anterior, sómente faleceu un ciclista. En 2019, temos rexistrados 20 falecidos en accidente de moto, 17 eran condutores, 16 homes e unha muller, e tres ocupantes, un home e dúas mulleres. As vítimas se rexistraron en todas as provincias galegas, sete na Coruña, cinco en Lugo, dous en Ourense e seis en Pontevedra

## TIPO DE ACCIDENTE

TIPO DE ACCIDENTE					
Saída vía	Colisión entre vehículos	Atropelo	Outro	No especificado	Total
42	42	Peón	2	4	131
		41			

A saída de vía e a colisión entre vehículos son os accidentes que máis vítimas mortais provocaron no pasado ano

**A diferenza entre sexos en canto a modalidade de accidente e moi salientable.** O atropelo e a primeira causa de falecemento entre as mulleres, seguida do falecemento como ocupante, mentres que os homes falecen principalmente como condutores nas distintas modalidades.

## ESTUDO DO CONSUMO DE ALCOHOL E DROGAS ENTRE OS USUARIOS DA VÍA NON PASAXEIROS

Especial interese dedicamos a coñecer o consumo de alcohol ou drogas nos condutores, peóns ou outros usuarios da vía, que non sexan ocupantes, e que resulten mortos con ocasión dun accidente de tráfico. Neste estudo a colaboración dos axentes das FCSE que interveñen nos accidentes é fundamental: a finais do ano 2014 púxose en marcha unha colaboración coa Garda Civil de Tráfico e coas Policía Local con competencias na investigación de accidentes de tráfico, a fin de coñecer no momento de realizaren as autopsias, as circunstancias do falecido en relación co sinistro e tamén a modalidade de accidente acaecido.



Estes datos permiten seleccionar aquelas vítimas nas que está indicado o estudo de alcohol e drogas (condutores, peóns e outros usuarios non pasaxeiros de vehículos), podendo facer un estudo axeitado sobre a influencia destes tóxicos na xénese dos accidentes de tráfico mortais. Tamén se incluíu na analítica toxicolóxica os psicofármacos, concretamente as benzodicepinas, dado o gran consumo destes fármacos en España e a súa influencia na conducción, pero nos casos atopados todos se encontraban en niveis terapéuticos.

Das 106 vítimas susceptibles de seren incluídas no estudo, por tratarse de condutores, peóns ou outras vítimas non ocupantes, descartáronse aqueles falecidos cuxa morte foi diferida e con tratamento médico, ou nas que outra razón fixo imposible a realización do estudo, quedando a mostra reducida a 83 falecidos

Atópase alcohol ou drogas en 24 falecidos da mostra, dos cales 23 son homes e 1 unha muller. O alcohol preséntase como único tóxico en 15 suxeitos. Aparece en combinación con cocaína en 5 casos, todos varóns, e en 3 casos asóciase a psicofármacos. Hai un caso de consumo illado de drogas, en concreto de cannabis.

HALLAZGOS TOXICOLÓXICOS				
Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	Alcohol + psicofármacos	Drogas de abuso	Psicofármacos + drogas de abuso
15	5	3	1	0

Dos suxeitos con alcohol positivos 3 foron peóns e o alcohol atopábase por encima de 0.9 gramos/litro en todos os casos. Só unha muller deu resultado positivo a alcohol, neste caso combinado con psicofármacos

#### Consumo de alcohol e drogas- Presentación por sexos

O consumo de alcohol e drogas nos usuarios da vía non pasaxeiros é distinto segundo se trate de mulleres ou de homes.

A mostra de estudo en caso das mulleres foi de 16, con un único positivo, o que supón un 6,2% de casos positivos. O nivel de alcohol neste positivo estaba por debaixo do 0.5 gramos/litro, límite legal para a conducción.

No caso dos varóns, a mostra de estudo foi de 67, con 23 casos positivos o que supón un 34,32%.

Os positivos en alcohol e drogas foron todos homes. A droga que sempre estivo presente foi a cocaína. O caso positivo só a drogas foi tamén un varón e a droga encontrada o cannabis.

**Toxicoloxía: alcohol, drogas de abuso, psicofármacos e combinacións destas substancias en condutores de todo tipo de vehículos, ciclistas ou peóns falecidos. Distribución por sexos**

	Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	Alcohol + psicofármacos	Drogas de abuso	Psicofármacos + drogas de abuso
Homes	15	5	2	1	0
Mulleres	0	0	1	0	0

Consumo de alcohol-Presentación por idade

A idade dos positivos para alcohol, só ou combinado con drogas, reflíctese na seguinte táboa

EDAD positivos alcohol													
<18	18-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84
0	3	2	2	3	4	2	2	1	1	1	0	1	1

Consumo de alcohol-Presentación por provincias

A porcentaxe de positivos o alcohol segundo as provincias, e o que se presenta no seguinte recadro.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Número de vítimas do estudo	37	16	11	19
Número de positivos o alcohol	10	5	3	5
Porcentaxe de positivos o alcohol	27,02%	31.2%	27.2%	26,3%

**Distribución de los positivos a alcohol por provincias**

**RESULTADOS CUANTITATIVOS DA ANALÍTICA DE ALCOHOL EN SANGUE**

En dous casos, a cantidade de alcohol en sangue foi inferior a taxa permitida para os condutores en xeral (0,5 gr/l en sangue o 0,25 mgr/l en aire espirado)

Entre o límite legal e os 2 gramos de alcohol por litro de sangue, houbo 9 positivos.

Nos 12 casos restantes, superábanse os 2 gr/l. De acordo coa literatura médico legal, estas cifras se corresponden con una intoxicación etílica sintomática, independentemente da tolerancia dos suxeitos. Pero, ademais, en 3 dos casos superábanse os 3 gr/l o que indica una intoxicación moi grave.

Límite de alcohol permitido

Alcohol en	< 0,5	0.5-1	1-1.5	1.5-2	2-2.5	2.5-3	3-3.5	3.5-4	>4
sangre gr/l	2	3	4	2	5	4	3	0	0

## UNIDADE DE ANTROPOLOXÍA FORENSE

No ano 2008 comeza a súa actividade a Unidade de Antropoloxía Forense (UAF) do Imelga, cunha actividade centrada nas seguintes materias:

- Estudo Antropológico Forense de osos e restos humanos.
- Colaboración antropológica forense nos levantamentos de cadáveres en avanzado estado de descomposición e de restos óseos en casos de interese criminal.
- Aplicación de técnicas de esqueletización en casos de cadáveres en avanzado estado de descomposición sempre e cando existan fundadas razóns de interese criminal do caso.
- Colaboración cos Patólogos Forenses na esqueletización de lesións óseas.
- Colaboración cos Médicos Forenses que o soliciten nas valoracións de estimación da idade
- Colaboración nos sucesos de múltiples vítimas mediante a aplicación de técnicas non rutinarias de identificación (antropológicas y odontológicas).
- Colaboración na búsqueda de restos humanos enterrados ou ocultos.
- Promoción da investigación e docencia no seu campo específico de actuación.

O longo do 2018 a Unidade de Antropoloxía forense interveu en 23 casos xudiciais da nosa Comunidade, o que supón un incremento con respecto ó ano anterior. Dende o 2006, ano de creación da unidade, o número de casos estudados son os que se presentan na seguinte táboa:

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
<b>Nº CASOS</b>	12	22	14	35	39	52	43	39	23	19	23	12

A actividade pericial compaxinouuse coa actividade bibliográfica, científica e docente que desenvolve a unidade, con comunicacións en congresos como o “Protocolo de recogida y estudio de muestras de tierra en Antropología forense” que contou coa participación do xefe da Unidade de Patoloxía Forense do Imelga; ou a ponencia “Antropología forense de la guerra civil española” no *Symposium Humanitarian Forensic Action* .

Séguese a desenvolver os traballos no proxecto de esqueletización mínima, e de feito no ano 2019 rematáronse os traballos que culminaron coa publicación da segunda edición do libro “Atlas de Antropología forense”. Tamén séguese a traballar no proxecto de esqueletización fetal, e neste pasado ano incorporouse un caso máis.

## ACTIVIDADE DOCENTE, INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E COLABORACIÓNS

Ademais da actividade pericial, o Imelga colabora na docencia, realiza investigación científica e colabora con outras entidades e organismos, proporcionando datos de gran interese sociolóxico.

Así, participa na formación práctica de estudantes universitarios da USC, da UNED, da UNIR (Universidade Internacional de la Rioja), e neste ano recibimos peticións de colaboración por parte da Universidade de Vigo e da Universidade Oberta de Catalunya, en varios grados como medicina, psicoloxía, traballo social e criminalística. Dende hai moitos anos colaboramos cos ciclos de formación profesional de Anatomía Patolóxica tendo convenios con centros de formación profesional de todas as provincias galegas.

Temos, ademais, varias solicitudes de médicos residentes de distintas especialidades, interesados en realizar una rotación en el Imelga. Seguimos avanzando nun deseño de colaboración que non só permita recibir médicos de outras especialidades que, durante súa formación, queiran facer unha rotación con nos, se non que pretendemos dar os pasos necesarios para acreditarnos na formación dos futuros especialistas en Medicina Legal y Forense, polo que temos que chegar a un acordo de colaboración formativa con un hospital do Servizo Galego de Saúde.

Os médicos forenses están implicados na investigación e na produción científica, ben liderando determinados proxectos, ben colaborando con outros profesionais, proporcionando os datos necesarios para que estes leven a cabo súas investigacións. As colaboracións abarcan moitos aspectos da práctica cotiá, tanto en Clínica como en Patoloxía forense.

Finalmente, o Imelga colabora con outras entidades e organismos proporcionando datos de gran interese estatístico e sociolóxico, con importantes repercusións no desenvolvemento de programas de prevención sanitaria e de condutas de risco. O Imelga colabora activamente coa DXT e Garda Civil, no estudo dos accidentes de tráfico, e coa Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables e a Subdirección Xeral de información sobre saúde e epidemioloxía, da Consellería de Sanidade, proporcionando información sobre causas de morte en xeral, e circunstancias da mesma nos casos de reacción adversa a drogas de abuso.

No pasado 2018 iniciáronse contactos coa Consellería de Sanidade para colaborar no programa de prevención do suicidio en Galicia proporcionando datos pormenorizados dos falecementos en Galicia por esta causa. Neste 2019 intensificáronse os contactos e o Imelga forma parte do Consello Interdepartamental de coordinación para a prevención e a atención das condutas suicidas